

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE NOVEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo para a comparecencia como parte da Xunta de Galicia e presentación de alegacións de oposición, incluídas en relación coa suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados, no recurso de inconstitucionalidade número 6521-2023, promovido polo presidente do Goberno, contra diversos preceptos da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, facultando para o efecto a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e designando con tal fin os letrados da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Política Social de Xuventude, a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (Agavi), a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) e a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (Avipo) para o desenvolvemento do programa Xacobeo Xove.
- Acordo polo que se toma coñecemento da solicitude do presidente da Comunidade Autónoma de Galicia ao presidente do Goberno de España en funcións dunha convocatoria urxente da Conferencia de Presidentes para abordar no seu seo o alcance e efectos dos acordos alcanzados para a investidura.

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Redes de Comunicación Galegas Retegal, S.A. e a Universidade de Vigo, para o teste e simulación de tecnoloxías de comunicación avanzadas sen fíos e sensorización, por un importe total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Cambados. Cambados (Pontevedra) por importe de novecentos catorce mil setecentos noventa euros con vinte e oito céntimos (914.790,28 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na Área de transporte metropolitano de Vigo para os anos 2024-2025, por importe anual de un millón catrocentos setenta e seis mil cento setenta e dous euros con oitenta e dous céntimos (1.476.172,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo da estación ferroviaria integradas na área de transporte intermodal de Lugo, cun orzamento de licitación de dezanove millóns novecentos corenta e tres mil sesenta e seis euros e sesenta e oito céntimos (19.943.066,68 €), IVE incluído, e un valor estimado de dezaseis millóns catrocentos oitenta e un mil oitocentos setenta e tres euros e vinte e nove céntimos (16.481.873,29 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se aproba a modificación do Plan económico financeiro global para o ano 2023, da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (SPI- Galicia, SA).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de construción dun centro de investigación avanzada (eMobility), promovido por Borgwarner Emissions Systems Spain, S.L., no concello de Nigrán (Pontevedra).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación Clúster Saúde de Galicia para a implementación dun plan de actividades para impulsar a innovación e a transferencia no tecido empresarial galego do sector da saúde no período 2023-2025, por importe de douscentos vinte e oito mil euros (228.000,00 €), a exención de garantías, e que os pagamentos anticipados poidan acadar ata un 60 % da axuda total concedida.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña (Ifeco), sobre o uso de espazos con motivo das obras do Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e, complementariamente, a outras persoas da súa contorna familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, acadando un importe total de trescentos oitenta e catro mil trinta e nove euros (384.039 €).

### **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se toma razón da Guía para o fomento da madeira na contratación pública de edificacións sustentables.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre a adxudicación a Sogama, en calidade de beneficiario, dun proxecto europeo orientado á transformación dixital intelixente na recollida e clasificación de residuos de envases.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre o impacto negativo das tramitacións ante a Dirección Xeral de Costa e do Mar, do Goberno de España, que dificultan os obxectivos de saneamento das rías galegas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA ALEGARÁ ANTE O RECURSO DO GOBERNO CENTRAL CONTRA A LEI DO LITORAL GALEGA PARA DEFENDER A SÚA COMPETENCIA EXCLUSIVA PARA A ORDENACIÓN DA COSTA**

- O Consello autorizou hoxe a Asesoría Xurídica a preparar a resposta da Comunidade ante o Tribunal Constitucional fronte aos preceptos da norma impugnados
- A análise preliminar do informe do Consello de Estado pon en evidencia que o Executivo de Sánchez non conta co aval total do máximo órgano consultivo cando cuestiona aspectos esenciais do texto, xa que recoñece que si pode haber establecementos da cadea mar industria en dominio público marítimo-terrestre (DMPT)
- Tamén revela que o acordo estatal para recorrer a norma autonómica foi elaborado o mesmo día da súa publicación oficial
- O acordo entre Sánchez e o PNV demostra un trato diferencial entre o País Vasco e Galicia, xa que ambos estatutos recoñecen as súas competencias en ordenación do litoral e só lles falta a transferencia de medios e servizos para a xestión do DPMT

A Xunta presentará alegacións ante o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central contra determinados preceptos da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, unha norma que entrou en vigor o pasado 2 de agosto e que pretende dar seguridade xurídica aos propietarios de inmobles e ás actividades estratéxicas no dominio público marítimo-terrestre.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a Asesoría Xurídica Xeral a preparar a resposta da Comunidade Autónoma ao recurso, admitido recentemente a trámite polo Tribunal Constitucional e no que o Estado impugna o 15 % do contido da norma galega, impulsada polo Goberno autonómico no marco das súas competencias exclusivas para ordenar e xestionar a franxa litoral.

Este paso supón avanzar na defensa dos intereses da comunidade unha vez que, semanas despois da súa presentación, o Executivo galego conta ao fin no seu poder co texto do recurso e co informe do Consello de Estado no que se basea a argumentación do Goberno central, remitidos onte á Xunta polo Tribunal Constitucional.

En todo caso, a análise preliminar dos documentos evidencia que non todos os artigos e preceptos cuestionados polo Executivo de Pedro Sánchez contan co aval total do Consello de Estado. De feito, o máximo órgano consultivo do Goberno recoñece no seu informe que pode haber instalacións do complexo mar-industria en terreos de dominio público marítimo-terrestre (DPMT), así como a servidume de protección, aspecto que o Executivo central obviou na argumentación do seu recurso, no cal cuestiona o precepto da lei galega no que este tipo de actividades se consideran estratéxicas para o litoral.

Cómpre lembrar que o Goberno central declinou perso o principio a opción de sentarse a falar coa Xunta para chegar a un punto de entendemento que evitara a vía xudicial. Así,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

durante a tramitación do anteproxecto de lei, en fase de consultas, o Ministerio declinou identificar e analizar os artigos concretos que consideraba non compatibles.

Cando se publicou a norma, descartou tamén acudir voluntariamente á Comisión Bilateral, procedemento de cooperación legalmente previsto para negociar e resolver as discrepancias entre administracións e evitar o recurso de inconstitucionalidade. E de igual xeito, ao non trasladarlle que solicitara ao Consello de Estado que se pronunciara sobre a súa intención de recorrer a norma, Galicia tampouco puido facer uso do trámite de audiencia con este organismo ao que tiña dereito.

A falta de vontade de diálogo coa Xunta por parte do Executivo estatal queda tamén de manifesto no propio ditame do Consello de Estado, que transcribe que a lei se publicou o 13 de xullo e ese mesmo día, o Goberno xa emitira o seu informe para acudir ao TC, descartando así abrir un período de negociacións coa Xunta para a resolución das súas discrepancias.

Esta actitude prexudicou directamente os intereses de Galicia, xa que tras a recepción oficial do recurso de inconstitucionalidade os servizos xurídicos da Xunta disporán agora tan só de 15 días hábiles para poder preparar os seus argumentos de defensa e rebater os motivos aducidos polo Goberno do Estado en relación con cada un dos preceptos da norma que foron impugnados.

Ademais, cómpre lembrar que a lei permite ao presidente do Goberno pedir expresamente a suspensión dos artigos recorridos por inconstitucionalidade, tal e como fixo neste caso, polo que a Lei do litoral galega permanecerá suspendida automaticamente durante cinco meses.

### **Acordo co País Vasco**

Tras recibir o visto e prace do Consello, a Xunta presentará as súas alegacións de oposición ao recurso baseándose no ditame do Consello Consultivo de Galicia, que conclúe que a competencia asumida pola Comunidade sobre a ordenación do territorio e do litoral comprende todas as facultades ou funcións que naturalmente son desenvolvidas en relación con tal materia. Por conseguinte, e en virtude do seu Estatuto, Galicia posúe a competencia exclusiva para a ordenación do litoral.

Cómpre indicar, neste sentido, que o acordo entre o Goberno central e o PNV para apoiar a investidura de Pedro Sánchez evidencia incongruencias e arbitrariedades que benefician o País Vasco mentres se prexudica a Galicia. Neste sentido, o referido acordo inclúe o traspaso das materias pendentes en ordenación do litoral ao País Vasco, o mesmo que o Goberno central lle nega desde hai anos a Galicia, a pesar de que ambas comunidades parten da mesma situación: teñen competencias exclusivas en ordenación do litoral atribuídas polos seus estatutos e só lles falta a transferencia de medios e servizos para a xestión do DPMT a través de autorizacións e concesións.

Outra boa mostra deste trato diferencial é o feito de que o Estado pretenda entregar agora terreos de DPMT ao concello vasco de Hondarribia, mentres que en Galicia, xa o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ano pasado, comunicoulle a arredor de 40 veciños de Muros que parte dos seus predios pasarían a ser propiedade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico polos cambios nos deslindamentos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AMPLÍA O PROGRAMA XACOBEO XOVE A 2024 E INCORPORA A MOCIDADE DE TODA ESPAÑA E EN IDADE ESCOLAR**

- O Consello da Xunta aproba novidades nesta iniciativa que promove que a xente nova faga o Camiño de Santiago e favorece o traballo das axencias de viaxe galegas
- Agora, ademais de axencias minoristas tamén poderán participar as maioristas para vender desde Galicia os seus paquetes turísticos a empresas de fóra da Comunidade
- Tamén se estende o rango de idade, que pasa dos 18-30 actuais aos 12-30, sempre que os menores vaian acompañados de persoas adultas e que teñan o Carné Xove

O Consello da Xunta aprobou hoxe novidades no programa Xacobeo Xove, a iniciativa que promove a experiencia do Camiño de Santiago entre a mocidade a través de descontos en paquetes deseñados por axencias de viaxe galegas para calquera dos itinerarios xacobeos.

Ao abeiro do acordado hoxe, o Xacobeo Xove renóvase ata novembro de 2024 e ampliará o número de beneficiarios ao incluír tamén os mozos en idade escolar e os de fóra de Galicia. Tamén incorporará a participación de axencias de viaxe maioristas galegas que poderán comercializar os paquetes turísticos.

En concreto, o Xacobeo Xove estende agora o rango de idade, que pasa dos 18-30 actuais, aos 12-30 anos sempre que os menores estean acompañados por adultos. Ademais, para realizar os paquetes turísticos, xunto ás axencias minoristas galegas, tamén se engaden as axencias maioristas galegas que poderán ofrecer os paquetes que comercialicen a axencias minoristas que operen noutras comunidades autónomas, polo que se poderán beneficiar tamén grupos de fóra de Galicia.

O Programa Xacobeo Xove é unha iniciativa financiada por Turismo de Galicia que se puxo en marcha o pasado mes de xullo en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude, o Clúster Turismo de Galicia, así como a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (Agavil), a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) e a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (Avipo).

Diríxese a fomentar a peregrinación entre a poboación máis nova, para o que se conta coa colaboración das axencias de viaxes que crean paquetes turísticos nos distintos itinerarios do Camiño de Santiago para os usuarios do Carné Xove a un prezo especial que inclúe un desconto de 200 euros sobre o prezo habitual.

Desde a súa posta en marcha están activos máis de 60 paquetes turísticos que se poden consultar na web [www.xacobeoxove.com](http://www.xacobeoxove.com), desde onde tamén se poden consultar os requisitos e desde onde tamén as empresas poden adherirse. Con estas novidades preténdese facilitar a súa comercialización e ampliar o número de beneficiarios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA SOLICITARÁ UNHA CONFERENCIA DE PRESIDENTES ANTE A DESIGUALDADE TERRITORIAL XERADA POLOS ACORDOS DA INVESTIDURA**

- Denuncia a “clarísima situación de desigualdade” de Galicia respecto a outras autonomías tras os pactos para investir Pedro Sánchez e reclama “explicacións” ao Executivo
- Salienta que a conferencia deber ser “unha das primeiras tarefas” do novo presidente na que coñecer os detalles dos acordos e recibir información sobre “como afectan ao resto de comunidades”
- “Galicia non quere ser máis que ninguén, pero tampoco menos”, subliña

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello acordou trasladar ao Goberno central unha petición formal para que se celebre unha nova Conferencia de Presidentes ante a “clarísima situación de desigualdade” na que queda Galicia respecto a outros territorios tras os acordos que sustentaron a investidura de Pedro Sánchez.

Rueda lamenta o vivido na política española nas últimas semanas e asegurou que o seu deber como titular do Goberno galego é defender os intereses de Galicia fronte aos privilexios que están a recibir outros territorios. “Galicia non quere ser máis que ninguén, pero tampoco menos”, resaltou. Por iso, asegurou que corresponde a Xunta “pedir explicacións” ao Goberno central.

Nesta liña, asegurou que “unha das primeiras tarefas” que ten que facer Pedro Sánchez é convocar aos presidentes das comunidades para “explicar realmente os pactos, as cesións realizadas e como afectarán ao resto de comunidades”.

A Xunta xa adiantou hai semanas mediante unha declaración institucional a súa oposición a uns acordos que afondan nas desigualdades de territorios e premian as comunidades cunha mala xestión e que, pese a incumprir as súas obrigas como gobernos autonómicos, son beneficiados cunha distribución da súa débeda entre todos os españois.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA, RETEGAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORAN PARA PROBAR TECNOLOXÍAS AVANZADAS DE COMUNICACIÓN SEN FÍOS EN ZONAS DE ALTA DEMANDA DE ANCHO DE BANDA, COMO ZONAS INDUSTRIAIS**

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Retegal e a Uvigo asinan un novo convenio para a realización de probas e medicións que posibiliten servizos que requiran 5G de altas capacidades mediante o uso de frecuencias moi altas
- O convenio da continuidade á colaboración iniciada coa adhesión da Universidade ao nodo 5G en 2019
- O nodo 5G promoveu e participou na realización de 30 proxectos piloto, o que situou Galicia como unha rexión de referencia para o seu despregamento

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar un convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal S.A., e a Universidade de Vigo para o teste e simulación de tecnoloxías de comunicación avanzada sen fíos e sensorización.

As actuacións do convenio céntranse na proba de tecnoloxías que posibiliten servizos que requiran de altas capacidades de ancho de banda en zonas de alta demanda, como contornas industriais, áreas de alta densidade de usuarios ou servizos de realidade estendida. En concreto, as tecnoloxías que se van probar baséanse no uso de frecuencias moi altas (ondas milimétricas) que permitan o uso do 5G para estes servizos.

O acordo é a continuación de dous convenios anteriores no marco da participación da Universidade de Vigo no nodo de colaboración para o despregamento da tecnoloxía 5G (nodo 5G), desde 2019. Porá á disposición os recursos do laboratorio da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións para a experimentación con dispositivos entre os que se atopan robots cuadrúpedos, drons e vehículos a escala con conectividade 5G.

O importe máximo do convenio é de 450.000 euros, dos cales 50.000 serán financiados por Retegal.

O desenvolvemento de solucións baseadas en tecnoloxías avanzadas de comunicacións sen fíos ten una importancia singular en Galicia, onde existen zonas despoboadas ou con dificultades de acceso para a banda larga. Estas zonas requiren de solucións específicas en aspectos relacionados coa calidade de vida no rural, o desenvolvemento industrial, a xestión medioambiental ou de espazos naturais, o sector agroforestal, o turismo, etc.

Neste sentido, a Xunta desenvolveu o Plan 5G, que permitiu a realización en Galicia de 30 proxectos piloto desta tecnoloxía e situar a nosa comunidade na vangarda para o seu despregamento. A fronteira con Portugal foi o escenario da primeira experiencia mundial de roaming en 5G e Vigo e a Coruña situáronse entre as primeiras cidade de Europa en dispoñer desta tecnoloxía.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE 915.000 € PARA MANTER A COLABORACIÓN NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA MUNICIPAL DE CAMBADOS

- O Goberno galego leva destinados desde 2005 máis de 14 M€ á xestión desta planta de tratamento das augas residuais de Cambados e de Vilanova de Arousa
- A Xunta continúa apoiando as entidades locais nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración, asumindo, por petición do Concello, a xestión da depuradora municipal de Cambados ata o 30 de setembro de 2024
- En virtude do modelo voluntario de adhesión que recolle a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, Augas de Galicia seguirá asumindo o funcionamento destas instalacións con capacidade de depuración para unha poboación de máis de 40.000 habitantes
- A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciona o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen, encargándose actualmente da xestión de 27 depuradoras municipais
- A Xunta a través da Lei do ciclo integral da auga pon á disposición dos concellos ferramentas para profesionalizar os servizos e un sistema de adhesión voluntario para unha xestión de calidade das infraestruturas hidráulicas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de 915.000 euros para manter a continuidade na cooperación na conservación, xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais do municipio de Cambados.

Mediante a autorización deste acordo e, en virtude do modelo voluntario de adhesión que recolle a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, o Goberno galego mantén activo o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración, e autoriza a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a unha nova prórroga do servizo que garante o funcionamento da depuradora municipal de Cambados, unha vez que o Concello así o solicitou.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, ten asumido o servizo de mantemento da estación de depuración que trata as augas residuais dos concellos de Vilanova de Arousa e Cambados desde o ano 2005 mediante un contrato de xestión e explotación da depuradora na cal o Goberno galego leva investidos máis de 14 millóns de euros.

Coa autorización hoxe do Executivo autonómico, a Xunta renova a actual concesión, que remataba o vindeiro 31 de decembro, por nove meses máis, ata o 30 de setembro de 2024.

#### **Garantir a continuidade na prestación do servizo**

O servizo de depuración de augas residuais é un servizo que debe prestarse de xeito continuado, non admitíndose interrupcións na súa prestación, tendo presente igualmente que calquera incidencia significativa na súa continuidade implica un risco de produción de vertidos incontrolados de auga sen depurar ao medio receptor coas

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A PRÓRROGA DO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA ÁREA DE VIGO PARA OS 2 VINDEIROS ANOS CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 2,4 M€**

- Rueda asegura que deste xeito garántese a continuidade deste plan social que beneficia a “80.000 veciños” e que permite aforros de “ata 1.000 € ao ano”
- Destaca que o Goberno galego continuará asumindo “os descontos do 80 % nos billetes interurbanos, ademais do 100 % dos transbordos” e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes e membros de familias numerosas
- A Xunta asume tamén integramente as viaxes dos máis de 29.500 mozos de menos de 21 anos da área que se desprazan de balde coa tarxeta Xente Nova no autobús e nos barcos da ría
- O presidente lamenta que o concello de Vigo non forme parte deste convenio o que impide desfrutar de maiores bonificacións aos usuarios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello autorizou hoxe prorrogar o convenio de colaboración con doce concellos da área de Vigo para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia nesta zona que ofrece “descontos de ata o 80% nos billetes interurbanos e inclúe transbordos gratis”.

Tal e como explicou, o Goberno galego vai destinar 2,4 millóns de euros durante 2024 e 2025 - preto de 1,2 millóns de euros- para financiar estes descontos e as bonificacións adicionais aos usuarios recorrentes (15%) e membros de familias numerosas, de ata o 50 %. Os doce concellos que forman parte do convenio - Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño e Soutomaior- farán unha achega conxunta de 280.000 € ao ano.

Rueda fixo fincapé no feito de que entre os 12 concellos que conforman este área de transporte, na cal non está incluído o Concello de Vigo pola súa negativa a integrarse. Isto implica que un veciño dalgún dos municipios incluídos no Plan que vaia a traballar a diario a Vigo teñen que pagar o billete do autobús urbano da cidade. Isto non ocorre noutras cidades galegas, onde os usuarios desfrutan do transbordo gratuíto co autobús urbano que financia a Xunta, ao estar incorporado ese transporte urbano ao Plan de transporte metropolitano. Isto impide desfrutar de maiores bonificacións aos usuarios que si disfrutaban os viaxeiros das outras áreas de transporte metropolitano como A Coruña ou Lugo.

O obxectivo da prórroga do convenio de colaboración aprobada hoxe é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha en marzo de 2015. Nesta liña, Rueda resaltou que na actualidade “son máis de 80.000 veciños da área de Vigo” os que se benefician dos descontos deste Plan que lles permiten aforrar “ata 1.000 euros ao ano”.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Plan de transporte metropolitano na área de Vigo ten incrementado en preto do 30 % o uso do transporte público, pese á pandemia da COVID-19, que supuxo restricións de mobilidade, e ten permitido a realización de 23 millóns de viaxes bonificadas.

En canto á modalidade de transporte, cómpre destacar que o transporte de ría entre Vigo e as vilas de Cangas e de Moaña representa case o 40 % do total de viaxes bonificadas e o autobús o 60 %.

### **Tarxeta Xente Nova**

Ademáis, máis de 29.500 mozos de menos de 21 anos da área que xa viaxan de balde en autobús ou en barco coa tarxeta Xente Nova da Xunta. A culminación, no ano 2021, da extensión da tarxeta Xente Nova aos 313 concellos de Galicia, permite tamén que estes mozos poidan viaxar gratis por todo o territorio en calquera das 3.555 liñas de autobús da Xunta, así como nos barcos da ría.

Esta gratuidade no transporte público da Xunta estenderase o 1 de xaneiro do 2024 aos maiores de 65 anos, unha medida para a que os Orzamentos da Xunta de 2025 reservan unha partida de 5 M€.

O acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico renova e reforza a promoción do transporte público colectivo na área de Vigo, mentres se continúa traballando para seguir avanzando na implantación da Área de Transporte de Galicia e estender os beneficios das grandes áreas de transporte metropolitano ao conxunto do territorio.

A prórroga do convenio terá vixencia desde o 1 de xaneiro do 2024 por dous anos, ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, o convenio recolle a previsión de finalización no momento en que se produza a implantación da Área de Transporte de Galicia.

### **Área de Transporte de Galicia**

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda a Comunidade, despenalizando os transbordos, incluídos os que impliquen o autobús urbano, que serán bonificados ao 100 % polo Executivo autonómico.

O Goberno galego, a través do Plan de transporte público e do transporte metropolitano continúa traballando para garantir a prestación de servizos eficaces e adaptados ás necesidades da xente, fomentando o seu uso en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e medioambientais para os cidadáns.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA DESTACA A LICITACIÓN POR CASE 20 M€ DAS OBRAS DA TERMINAL DE AUTOBUSES E DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE LUGO**

- Anuncia que contan cun prazo de execución de 25 meses e o Goberno galego achegará un investimento de 12,8 M€
- Explica que as actuacións iniciaranse en 2024 e inclúen a construción da nova terminal de autobuses integrada na de ferrocarril, que a Xunta financia integramente, achegando 8,5 M€, e o aparcadoiro subterráneo, que suporá unha achega autonómica de 4,3 M€
- O Executivo autonómico incrementa ata un 50 % a contía que corresponde ao financiamento da terminal de autobuses
- A estación contará cun edificio de viaxeiros e zona de dársenas para 18 autobuses, máis 5 de regulación
- O aparcadoiro subterráneo contará con 240 prazas para turismos co fin de dar servizo a área intermodal, principalmente á estación de tren
- Advirte de que esta infraestrutura clave para Lugo debe vir acompañada dun reforzo da oferta de servizos de tren e de garantías de conexión coa alta velocidade ata cumprir os tempos de viaxe comprometidos, 3 horas 47 minutos na conexión con Madrid

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, destacou hoxe a aprobación no Consello da Xunta da contratación das obras da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo da estación intermodal de Lugo por un importe que rolda os 20 millóns de euros, e dos que a Xunta asume o 65 % do custo.

Rueda puxo en valor esta licitación para facer realidade unha infraestrutura que cualificou de “estratéxica” para a cidade e que implicará un investimento global de case 50 millóns de euros. No entanto, considerou necesario de que estea acompañada dun aumento de servizos de tren e da garantía de que esta cidade estará conectada coa alta velocidade, en referencia tamén ao cumprimento dos tempos de viaxe comprometidos, 3 horas 47 minutos na conexión con Madrid. “Agardamos que ese compromiso, que xa é moi urxente, sexa certo a partir de agora”, demandou.

Rueda lembrou que a licitación aprobada hoxe no Consello está recollida no convenio “a tres bandas” asinado o pasado día 17 de marzo entre a Xunta, o Concello de Lugo e Adif, no que se fixou que a achega do Goberno galego para o desenvolvemento da nova área de transporte intermodal de Lugo, ascenderá a un total de 12,8 millóns de euros.

Deste xeito, segundo detallou o mandatario galego, a Xunta financia con 8,5 millóns de euros o 100 % a construción do edificio de viaxeiros e as dársenas con capacidade para unha vintena de autobuses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao aparcadoiro, que vai estar xusto debaixo da dársena, contará con 240 prazas e 8 máis para persoas con mobilidade reducida. Rueda explicou que a Xunta asumirá o 40 % do custo, con 4,7 millóns de euros, mentres que o resto correrá a cargo de Adif.

Deste xeito, a Xunta incrementa nun 50 % a contía que ía destinar inicialmente á terminal, xa que agora fai fronte tamén a parte dos custos do aparcadoiro, do que se ía facer carga integramente Adif.

Rueda avanzou que a previsión é iniciar as obras no ano 2024, de xeito coordinado cos traballos da estación do ferrocarril, que lle corresponde executar a Adif.

### **Estación ferroviaria**

A intermodal de Lugo complétase coa nova estación ferroviaria, cuxa redacción do proxecto e execución é responsabilidade de Adif. Esta intervención inclúe un novo edificio e un paso inferior, que financiará integramente o organismo estatal, cun investimento de 16,1 M€.

A intermodal tamén levará aparelhada a construción dun novo paso inferior peonil de cidade entre o centro urbano e o parque do Sagrado Corazón, que conectará ambos os lados da canle ferroviaria, incluídos os seus accesos, elementos de comunicación vertical e urbanización asociada. O orzamento destas intervencións ascende a preto de 11,7 M€ e será financiado nun 60 % por parte de Adif e nun 40 % polo Concello.

### **Compromiso coa intermodalidade**

O Goberno galego mantén o seu compromiso na aposta pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

O proxecto da estación de autobuses intermodal da Xunta inclúe as actuacións necesarias para a construción da terminal próxima á de ferrocarril, na que os autobuses e os viaxeiros poden acceder á mesma cota. Construirase un edificio de viaxeiros e unha zona de dársenas con capacidade para 18 autobuses, máis 5 de regulación, cun investimento de 8,5 M€ que será asumido integramente pola Xunta.

A terminal terá unha superficie de 550 m<sup>2</sup> e distribuirase en dous andares. Na cota de dársenas disporase un interior con espazos diáfanos en que se atopen as zonas de atención a viaxeiros ou a cafetería e o andar superior destinarase a usos administrativos e instalacións da xerencia da terminal.

Os autobuses accederán ás dársenas a través dun novo viaduto que conectará coa glorieta existente da rúa Paradai de Arriba, e os viaxeiros a través da entrada principal do edificio. A Xunta será tamén a encargada de executar estas obras e asumirá o 37,5 % do seu importe, cunha achega autonómica de case 4,3 M€.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


O compromiso da Xunta para a execución dos 2 proxectos nun único contrato está motivado pola complexidade na coordinación técnica e administrativa ao executar ambas as obras de forma coincidente no tempo e no espazo.

Ademais, esta única licitación simplifica operacional e funcionalmente a coordinación de actividades, tanto desde o punto de vista de orde e optimización dos recursos, como de seguridade nas obras.

Tras a licitación destas obras, o departamento de Infraestruturas da Xunta licitará os contratos de asistencia técnica necesaria para o seguimento das actuacións. O proxecto da intermodal de Lugo será cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través do programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

Os orzamentos da Xunta de 2024 reservan unha partida de 5,75 millóns de euros para iniciar as obras da estación de autobuses intermodal.

Imaxe da terminal de autobuses:



Imaxe do acceso peonil á terminal de autobuses:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA HABILITA O CRÉDITO PARA INVESTIR O VINDEIRO ANO 4,7 M€ NA RENOVACIÓN EXTRAORDINARIA DO FIRME DA AUTOVÍA DOZÓN-OURENSE, ENTRE CEA E A A-52**

- O Executivo autonómico autoriza a adaptación do Plan económico financeiro da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, cunha achega adicional de 2 M€ para cubrir o incremento do custo inicial dos traballos e garantir a súa execución en 2024
- Executarase a reparación do pavimento e o estendido dunha nova capa de rodaxe sobre toda a superficie de calzada nun treito de 13 km da autovía AG-53
- Intervirase no treito que vai do enlace de Cea e o seu final, no enlace coa OU-402 e a A-52, de dobre calzada con 2 carrís de 3,5 metros, beiravías exteriores de 2,5 metros e beiravías interiores de 1 metro
- Os traballos, que contarán cun prazo de execución de 6 meses, permitirán intervir nunha superficie de 273.000 m<sup>2</sup>, incluídos os ramais do enlace coa OU-402 e a A-52, ademais duns 10.000 m<sup>2</sup> en carrís adicionais
- A actuación incluírá a revisión e a adecuación das barreiras de seguridade á normativa vixente
- Esta actuación enmárcase nos traballos de mantemento das estradas autonómicas de titularidade da Xunta co fin de garantir a seguridade e mellorar a mobilidade
- A intervención completa as obras xa executadas este mesmo ano de rehabilitación puntual do firme na AG-53, cun investimento de 423.500 euros

O Consello da Xunta aprobou hoxe a habilitación do crédito que permitirá investir 4,7 M€ para executar no vindeiro ano 2024 a renovación extraordinaria do firme da autovía autonómica Dozón-Ourense (AG-53).

O acordo do Executivo autonómico autoriza a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, a adaptar o Plan económico financeiro vixente da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, para adiantar ao vindeiro ano estas obras no treito entre o enlace de Cea e a A-52, que estaban previstas inicialmente para o ano 2025.

Mediante esta adaptación do plan financeiro da SPI para 2023 axústase o investimento aos custos previstos para esta actuación, maiores ao inicialmente estimado, de acordo co tecnicamente necesario para acadar un resultado axeitado das obras e tendo en conta o incremento de custos da construción que se vén producindo nos últimos dous anos.

Deste xeito, o departamento de Infraestruturas da Xunta achegará 2 M€ máis neste ano 2023 para garantir as intervencións proxectadas, que se sumarán ás cantidades xa provisionadas en anos anteriores para poder executar este investimento en 2024.

O obxectivo é executar as obras de reparación do pavimento existente e o estendido dunha nova capa de rodaxe sobre toda a superficie de calzada dun treito de 13 km entre



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o enlace de Cea, no quilómetro 74+200, e o final da autovía, no enlace coa estrada autonómica OU-402 e a A-52, no punto 87+200.

As obras, que contarán cun prazo de execución máximo de 6 meses, executaranse neste treito da autovía, de dobre calzada con 2 carrís de 3,5 metros, beiravías exteriores de 2,5 metros e beiravías interiores de 1 metro.

Os traballos comprenden intervencións nunha superficie aproximada de 273.000 m<sup>2</sup>, incluídos os ramais do enlace coa OU-402 e coa A-52, ademais duns 10.000 m<sup>2</sup> en carrís adicionais.

Na intervención tamén se revisará a adecuación das barreiras de seguridade á normativa vixente, tanto metálicas como de formigón, incluída a barreira existente na mediana, acometéndose as modificacións precisas para a súa adaptación.

Finalmente procederase ao repintado das marcas viarias e á reposición do balizamento afectado polas obras.

Esta intervención está enmarcada nos traballos de mantemento das estradas autonómicas de titularidade da Xunta co fin de garantir a seguridade viaria aos usuarios e mellorar a mobilidade.

### **Mantemento e conservación da AG-53**

Esta obras completarán os traballos xa executados este mesmo ano de rehabilitación puntual do firme na AG-53, aos que se destinaron un investimento de 423.500 euros.

A intervención forma parte da campaña de conservación da Xunta de reforzo localizado do firme e desenvolveuse en ambas as dúas calzadas da AG-53, desde Cea e ata a A-52 (quilómetro 74,2 a 87), que presentaban danos superficiais na capa de rodaxe existente. Nesta mesma intervención tamén se incluíu unha actuación puntual de renovación do firme na calzada dereita do tramo Dozón-Cea, á altura do quilómetro 59,9.

As actuacións consistiron no fresado e reparación da capa de rodaxe e, nalgúns casos, tamén se actuou na capa intermedia do pavimento existente. As actuacións abarcaron unha superficie aproximada de 12.000 m<sup>2</sup>, cun volume de pavimento retirado e repostado de aproximadamente 2.700 toneladas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA O CENTRO DE INVESTIGACIÓN AVANZADA DE BORGWARNER NO CONCELLO DE NIGRÁN**

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación aproba a declaración deste proxecto que conta cun investimento de 12 M€, dos que a Administración autonómica achega 5 M€
- A iniciativa estará enfocada á investigación da electrónica e das solucións de xestión térmica para vehículos eléctricos e a converterse nunha planta piloto para probar novas tecnoloxías
- O proxecto dá continuidade ao traballo de I+D+i que está a facer a empresa promotora en Galicia
- Esta declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa que a Xunta busca afianzar a comunidade galega como unha terra de oportunidades, potenciando a captación de investimentos e a creación de emprego de calidade
- Con este xa son 22 os proxectos declarados como iniciativas empresarias prioritarias en Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria o centro de investigación avanzada (e-Mobility) de Borgwarner, no concello de Nigrán (Pontevedra), ao que a empresa destina un investimento inicial de 12 M€ -a Xunta achega 5 M€ a través da liña de axudas de centros de investigación empresarial-.

Trátase dun centro de excelencia enfocado á investigación de tecnoloxías avanzadas para a industria do futuro incluíndo a electrónica e solucións de xestión térmica para vehículos eléctricos. O obxectivo deste centro é converterse nunha planta piloto para probar novas tecnoloxías e, para conseguilo, é necesario dotalo de novas instalacións con novos equipos e laboratorios de investigación.

O proxecto busca dar continuidade ao traballo de I+D+i que está a facer a empresa promotora en Galicia, onde conta co Centro Técnico de Vigo (Spain Technical Center-STC), dividido en dúas áreas de traballo (liña de xestión de gases de escape e liña de electrónica de potencia) e co eSTC-Spain Technical Center in electronics (equipo de soporte da liña electrónica de potencia), localizado no Centro de Negocios CZFV en Nigrán. A empresa leva investidos 8,5 millóns de euros en I+D+i na Comunidade Autónoma, dando lugar á creación de 60 patentes e oito deseños industriais.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 12 M€); ademais complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos como, neste caso, a automoción.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade. Neste caso, ademais, contribuirá a fixar poboación no rural.

Deste xeito, xa son 22 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes), a planta biotecnolóxica In Proteins for All en Curtis e agora este centro en Nigrán.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas, e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA A INNOVACIÓN DAS EMPRESAS BIOTECNOLÓXICAS GALEGAS DO EIDO SANITARIO EN COLABORACIÓN CO CLÚSTER SAÚDE DE GALICIA**

- O Consello da Xunta autoriza un convenio entre a Axencia Galega de Innovación e a asociación por un total de máis de 290.000 euros para a posta en marcha dun plan de actividades para promover a transferencia de coñecemento e novos servizos para dinamizar o sector
- O acordo enmárcase na Estratexia de consolidación da biotecnoloxía de Galicia, a folla de ruta para posicionar a Comunidade como polo de referencia neste sector
- Galicia, que é a segunda comunidade en creación de empresas biotecnolóxicas, conta con 160 compañías neste sector que supoñen máis de 5.600 postos de traballo, e que facturaron 1.296 millóns de euros en 2022

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación, asinará un convenio de colaboración co Clúster Saúde de Galicia (CSG) por un total de máis de 290.000 euros, dos cales a Administración autonómica achega 228.000 euros, co obxectivo de impulsar o papel do sector biotecnolóxico empresarial galego no eido sanitario e da saúde, así como da súa cadea de valor.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o primeiro convenio entre a Axencia Galega de Innovación e o CSG, que permitirá a posta en marcha dun plan de actividades para reforzar a innovación e a transferencia de coñecemento dos axentes biosanitarios ao tecido empresarial galego da saúde. Con esta medida, o clúster dará un salto cualitativo na súa capacidade para dinamizar o sector, poñendo en marcha novos servizos, así como novas iniciativas que poñan en contacto as capacidades do ecosistema galego cos mercados potenciais.

O convenio, que terá vixencia ata o 30 de novembro de 2025, permite seguir potenciando o desenvolvemento da biotecnoloxía en Galicia e reforzando o seu carácter estratéxico para a economía galega, en liña coa Estratexia de consolidación da biotecnoloxía de Galicia, a folla de ruta para posicionar a Comunidade como polo de referencia neste sector. O acordo tamén está aliñado cos retos da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, en concreto encádrase no terceiro reto desta folla de ruta, que consiste en desenvolver un modelo de vida saudable e de envellecemento activo da poboación, aproveitando o coñecemento, a tecnoloxía e a innovación.

A colaboración da Administración autonómica co Clúster Saúde de Galicia non só achegará solucións a novas necesidades xurdidas no sector da saúde, senón que tamén impulsará a xeración de riqueza a partir do coñecemento innovador, e contribuirá a difundir internacionalmente o labor que desde Galicia se está a realizar neste eido.

A biotecnoloxía en Galicia conta con 160 empresas que supoñen máis de 5.600 postos de traballo, e que facturaron 1.296 millóns de euros en 2022. Ademais, Galicia é a segunda comunidade en creación de compañías biotecnolóxicas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as actuacións específicas da Axencia Galega de Innovación para o avance da Estratexia de Consolidación da Biotecnoloxía atópanse, ademais da colaboración co Clúster Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga); o apoio ao Hub de Innovación Dixital Datalife; o impulso ao Centro de Fabricación Avanzada Sionlla Biotech; a Business Factory Medicines, en colaboración coa Fundación Kærtor, a Fundación Científica da Asociación Española contra o Cancro, e as multinacionais Lilly e Janssen-Cilag, así como a Business Factory Food.

Cómpre salientar ademais que Galicia é unha das cinco comunidades autónomas que participa no Plan complementario de biotecnoloxía aplicada á saúde, impulsado polo Ministerio de Ciencia e Innovación con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA TRASLADARÁ A EXPOCORUÑA DIVERSOS SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CHUAC CON MOTIVO DA DEMOLICIÓN DO HOTEL DE DOENTES**

- O Servizo Galego de Saúde e o Instituto Feiral da Coruña asinan un convenio de colaboración para a cesión de espazos en Expocoruña, onde se trasladarán diversos servizos administrativos do hospital coruñés
- Con motivo do desenvolvemento das obras do Novo CHUAC, preto de 120 profesionais da Área Sanitaria da Coruña e Cee modificarán temporalmente o seu posto de traballo ata estas instalacións

O Consello da Xunta autorizou esta mañá, na súa xuntanza semanal, un convenio de colaboración co Instituto de Feiral da Coruña co obxectivo de emprazar nas instalacións de Expocoruña diversos servizos administrativos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Con motivo da futura demolición do inmoble que alberga na actualidade o Hotel de Doentes do CHUAC, o Executivo galego e a Fundación Pública Galega Instituto Feiral da Coruña referendaron un documento no que se define a cesión de espazos físicos por parte de Ifeco ao Servizo Galego de Saúde, co obxecto de emprazar as unidades que se encargan de diversas funcións administrativas do hospital coruñés.

A Xunta de Galicia adiántase así ao desenvolvemento dunha actuación que fará necesario que preto de 120 profesionais da Área Sanitaria da Coruña e Cee, modifiquen, de xeito temporal, a localización do seu posto de traballo ata ExpoCoruña.

Neste sentido, entre o presente ano 2023 e o 2026, o Goberno galego destinará unha partida de 432.000 euros para sufragar os custos derivados do emprego destes espazos por parte do Servizo Galego de Saúde. ExpoCoruña reúne as condicións precisas para levar a cabo as tarefas propias dos servizos da Administración sanitaria.

Así, ademais de contar cunha localización estratéxica e próxima ao Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), as súas infraestruturas e alta capacidade permiten adecuarse as necesidades do Sergas.

**A maior obra sanitaria da lexislatura**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta de Galicia investirá máis de 500 millóns de euros nas obras do Novo CHUAC, unha actuación que representa o maior investimento nunha infraestrutura sanitaria durante a actual lexislatura, e coa que mellorará a prestación asistencial dos máis de 550.000 pacientes cos que conta a Área sanitaria da Coruña e Cee.

Así, o proxecto multiplicará por tres a superficie actual do hospital, pasando dos 85.000 m<sup>2</sup> actuais a unha superficie construída de case 257.000 m<sup>2</sup>.

Neste senso, executarase un novo complexo hospitalario, aproveitando e reformando o actual hospital: actuando en 5.865 m<sup>2</sup> de superficie actual para as conexións cos novos edificios, dotándoo dun aparcadoiro integrado de case 47.000 m<sup>2</sup> e levantando novas edificacións que suporán máis de 204.000 m<sup>2</sup> de superficie construída.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AMPLÍA ATA OS 384.000 EUROS A COLABORACIÓN CO COLEXIO DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN GRATUÍTA A VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Consello autorizou hoxe unha dotación extra de 47.000 euros para o convenio que permite brindar atención psicolóxica a mulleres vítimas, menores e os seus familiares
- A iniciativa tamén inclúe apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar a través do programa *Abramos o círculo*
- Entre 2009 e 2022 beneficiáronse desta iniciativa case 11.000 persoas entre mulleres vítimas, menores, integrantes das súas contornas familiares e homes

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación en 47.000 euros, ata acadar os 384.000 euros, do importe destinado este ano ao convenio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención especializada e gratuíta a persoas vítimas da violencia de xénero e os seus achegados.

Poden acceder a este servizo de atención psicolóxica mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como membros do seu entorno familiar. No mesmo marco inclúese a intervención con homes con problemas de control das súas actitudes violentas no ámbito familiar e que desexan adquirir novos modos de comportamento a través do programa *Abramos o Círculo*.

Con esta iniciativa a Xunta quere apoiar a recuperación das vítimas da violencia de xénero mediante a asistencia psicolóxica. Ofértaselles ás persoas usuarias recursos terapéuticos sen custo para elas, que lles axuden a afrontar a situación e a reforzar a súa autoestima. Este mecanismo contribúe tamén á adquisición de habilidades para que logren autonomía e unha mellor integración na vida social e laboral.

Desde 2009 e ata 2022, os convenios subscritos co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia permitiron chegar a case 11.000 persoas beneficiarias: 6.736 mulleres, 2.424 menores, 400 membros da contorna familiar das vítimas e 1.271 homes, que participaron no programa *Abramos o círculo*. En 2022, os beneficiarios sumaron 1.168, unha cifra xa superada este ano, xa que a 30 de setembro xa se tiñan acadado as 1.200 persoas usuarias.

En canto ao investimento, en 2023 e coa ampliación hoxe aprobada, acádase a maior contía ata o momento (384.039) e supérase en 47.000 euros o montante destinado a esta colaboración en 2019, 2020, 2021 e 2022 (337.039 euros).

Con medidas coma esta, a Xunta mellora a resposta que desde as institucións se proporciona ás vítimas da violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos que



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

lles axuden a afrontar a situación. A atención psicolóxica resulta fundamental para a recuperación e o inicio dunha nova vida sen violencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PUBLICA UNHA GUÍA PARA FOMENTAR A MADEIRA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA DE EDIFICACIÓNS SUSTENTABLES

- O Consello da Xunta avaliou hoxe este documento, elaborado pola Axencia Galega da Industria Forestal -dependente da Consellería do Medio Rural-, que busca facilitar ás administracións que así o desexen o uso de madeira na licitación pública de edificios sustentables
- Esta guía enmárcase dentro do compromiso da Xunta co sector forestal galego, que se verá reforzado ao garantir que ata un 20% das edificacións promovidas polo goberno autonómico empregarán madeira na súa estrutura, unha porcentaxe que se introducirá de xeito gradual dende 2024
- No documento analizado hoxe propóñense criterios técnicos na preparación de contratos para o deseño, construción, renovación e xestión de edificios co fin de reducir o seu impacto ambiental; ademais de incentivar o desenvolvemento de produtos e tecnoloxías verdes no sector forestal
- Entre as vantaxes do seu uso na construción, a guía apunta á súa menor pegada carbónica ou que cada euro investido en madeira estrutural xera outro euro na economía rexional, un efecto que se multiplica no caso de empregar madeira local
- Ademais, publicarase unha nova convocatoria no 2024 cun mínimo de dous millóns de euros de fondos propios da Xunta para fomentar na promoción privada a construción en madeira para usos estruturais

A Axencia Galega da Industria Forestal, dependente da Consellería do Medio Rural, elevou ao Consello da Xunta a Guía para o fomento da madeira na contratación pública de edificacións sustentables, unha publicación que busca facilitar a incorporación de melloras na contratación pública relacionada co uso de madeira na construción pública.

A través dos proxectos de construción pública en madeira, as administracións autonómicas e locais poden desempeñar un papel fundamental no fomento da penetración no mercado de novas solucións de construción máis sustentables. O uso da madeira estrutural na construción de edificios públicos xoga un papel fundamental en políticas de descarbonización pero tamén naquelas políticas de loita contra o abandono rural e contra a lacra dos lumes forestais. É por iso que, neste contexto, nace esta guía, enmarcada precisamente no compromiso da Xunta co sector forestal galego con varias liñas de traballo e apostas como garantir que ata un 20% das edificacións promovidas polo goberno autonómico empregarán madeira na súa estrutura, unha porcentaxe que se introducirá dun xeito gradual dende 2024.

O obxectivo desta guía é realizar recomendacións para incluír o uso da madeira nos contratos ou concesións de obras públicas das entidades do sector público galego. O documento propón cláusulas ou criterios técnicos para o deseño, construción, renovación e xestión de edificios e obras, apostando por reducir o seu impacto ambiental e climático, e incentivar o desenvolvemento de produtos e tecnoloxías verdes no sector forestal. Os órganos de contratación poderán elixir en que obxectivos se queren centrar á hora de preparar o contrato, definindo os pregos de prescricións técnicas e/ou cláusulas administrativas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Vantaxes do uso de madeira na edificación**

Nesta publicación faise un percorrido polo que está a acontecer en países europeos como Alemaña, Finlandia, Noruega, Eslovenia, República Checa ou Francia, onde as administracións públicas están asumindo compromisos ambiciosos no uso da madeira en novas edificacións públicas.

Ademais, a guía tamén recolle diversas razóns polas cales é beneficioso o uso de madeira nas construcións. Por unha banda, no eido económico, diversos estudos conclúen que as diferenzas de custo entre unha mesma edificación construída en madeira e outra en aceiro-formigón oscilan ata nun 7 %, polo que o coñecemento dos prescriptores e a experiencia dos contratistas no emprego da madeira estrutural é decisivo para favorecer o aforro orzamentario. Así mesmo, outros estudos conclúen que o custo total do ciclo de vida de edificios en madeira é dun 2,4 % inferior ao de formigón ou que, transcorridos 60 anos de vida do edificio, o valor do edificio en madeira é 153 % máis alto que o de formigón grazas á revalorización dos seus compoñentes. Ademais, os prazos de execución da obra redúcense, o que se traduce nunha redución dos custos de construción.

No que respecta ás razóns técnicas, as estruturas de madeira, ademais de ter unha durabilidade dos materiais semellante a outros sistemas construtivos, teñen un bo comportamento fronte a unha posible acción extraordinaria de sismo ao ser estruturas máis lixeiras que as doutros materiais. Así mesmo, a madeira ten baixa condutividade térmica o que fai que o interior dos elementos manteña a súa temperatura normal e, por tanto, as súas propiedades mecánicas sigan intactas ao contrario do que ocorre con outros materiais.

### **Interese polo emprego de materiais alternativos na construción**

No sector da construción cada vez medra máis o interese por outros materiais estruturais, como é a madeira, para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro dentro dunha estratexia de mitigación do cambio climático na que cobra especial interese fitos como a posibilidade de edificación en altura con paneis. Neste sentido, as construcións en madeira exercen un efecto especialmente beneficioso, debido ao prolongado almacenamento de carbono nos produtos ao longo do seu ciclo de vida. Ademais, estímase que o uso dun metro cúbico de madeira en substitución doutros materiais de construción reduce as emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera unha media de 1,1 a 3,9 toneladas de CO<sub>2</sub>.

Con respecto a razóns sociais, demostrouse que a utilización de madeira ten importantes beneficios para o benestar das persoas usuarias, vinculados a un efecto positivo análogo ao que exerce o contacto directo coa natureza. Este feito xera melloras funcionais especialmente relevantes en edificios de carácter sanitario, educativo ou asistencial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, nun contexto de economía aberta, un euro investido na construción en madeira xera outro euro nalgún outro lugar da economía rexional. No caso da economía pechada, é dicir, do uso da madeira da propia rexión, os efectos multiplicadores dúplícanse. Na estimación dos efectos sobre o emprego e o PIB rexional os resultados seguen a mesma lóxica, segundo estudos realizados.

### **Compromiso do goberno autonómico co sector forestal**

Esta guía enmárcase dentro do compromiso da Xunta cun sector forestal sustentable, tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental.

Dentro desta estratexia, ademais da xa mencionada aposta por garantir un mínimo dun 20% -introducido de xeito gradual dende 2024- de novas edificacións promovidas polo goberno autonómico con madeira estrutural, en 2024 tamén se publicará unha nova convocatoria cun mínimo de dous millóns de euros para a realización de proxectos e obras de empresas e particulares que empreguen produtos de madeira na súa estrutura. Este paquete de axudas forman parte das achegas que se convocan anualmente para un eixe productivo clave do rural galego, e que o vindeiro ano tamén contará con 11 millóns de euros para mellorar a competitividade do sector, a través de axudas a investimentos en tecnoloxías.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA LIDERA UN PROXECTO EUROPEO CON PORTUGAL PARA APLICAR A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E A ROBÓTICA NA OPTIMIZACIÓN DA CLASIFICACIÓN DOS RESIDUOS DE ENVASES**

- Cun orzamento de case 800.000 €, Sogama é a beneficiaria principal de Gresint, no que tamén participan o Centro de Investigación de Tecnoloxías da Información e as Comunicacions por parte galega e a Asociación de municipios para a xestión sostible de residuos de Grande Porto e a Universidade de Beira Interior como socios lusos
- O obxectivo é incorporar o I+D no eido da xestión dos refugallos domésticos usando tecnoloxías intelixentes nas plantas de Cerceda e de Porto co fin de optimizar os procesos de selección de envases para a súa reciclaxe, mellorando así as cotas
- A mediados de 2024 comezarase coas probas piloto para testar o uso dos novos sensores nos aparatos en ambas instalacións e ir incorporando a IA e a robotización

Galicia lidera un proxecto europeo en colaboración con Portugal e cunha duración estimada de 3 anos que permitirá aplicar a intelixencia artificial (IA) e a robótica, así como outras tecnoloxías intelixentes, nos procesos de recollida e clasificación de residuos de envases de orixe doméstica que se levan a cabo na planta de Cerceda, xestionada por Sogama e que presta este servizo a máis do 90 % dos concellos galegos, e na de Porto, á envían os seus envases 8 municipios portugueses.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presentou hoxe no Consello un informe para dar conta de que a empresa pública Sogama resultou adxudicataria de fondos Feder no marco da terceira convocatoria do Programa Interreg España–Portugal para levar a cabo o proxecto Gresint, cunha dotación de case 800.000 euros e unha duración de 3 anos.

Ademais de Sogama, líder e beneficiario principal da iniciativa, participan tamén o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions da Universidade da Coruña e, no caso de Portugal, a Asociación de municipios para a xestión sostible de residuos de Grande Porto (Lipor) e a Universidade de Beira Interior.

A pretensión de Gresint, iniciativa transversal e innovadora que combina tecnoloxía, sostibilidade e circularidade, é avanzar cara á transformación da xestión dos residuos a través do uso de tecnoloxías intelixentes que melloren a clasificación dos envases e logren impactar no resto da cadea de valor: recollida, selección, reciclaxe e valorización.

Desta forma, o novo proxecto contribuirá a alcanzar os obxectivos europeos neste eido –que, cómpre lembrar, establecen que no ano 2035 se recicle o 65 % dos residuos municipais de orixe doméstica– xa que permitirá introducir no ciclo produtivo materiais recuperados de alta calidade, en liña cos principios da economía circular.

Para levar a cabo o seu labor, prevese a introdución das tecnoloxías clave identificadas para mellorar os procesos, que serán testadas con tres probas piloto que se levarán a cabo nas plantas de Sogama, en Cerceda, e de Lipor, en Porto, co seguinte cronograma.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A finais deste mesmo ano comezase a traballar no deseño dos tres ensaios; xa en 2024, abordarase a adquisición dos equipos e materiais, e a partir do último trimestre do vindeiro ano empezase coa instalación dos dispositivos (sensores) nas cintas transportadoras e nos motores e co desenvolvemento de probas en ambas instalacións.

Con estes pilotos búscase optimizar a sensorización durante a selección dos residuos; dotar os sistemas existentes de IA para tratar grandes cantidades de datos e extraer a información relevante para a toma de decisións (por exemplo, os escáneres ópticos actuais só procesan o que ven e coa introdución de tecnoloxía avanzada poderían anticiparse e mellorar a súa capacidade de predición), e incorporar a robotización aos procesos, mellorando así a clasificación e o control de calidade.

Os datos xerados nas dúas plantas almacenaranse e trataranse de forma conxunta, o que permitirá ter un acceso fácil e seguro para o seu uso na plataforma de intelixencia artificial compartida entre ambas plantas, propiciando deste xeito melloras en canto á eficiencia, axilidade e precisión dos procesos de selección que incidirán nos resultados.

Derivadas das anteriores actuacións, o proxecto recolle unha serie de actividades complementarias tales como a elaboración dunha axenda de dixitalización do proceso de xestión de residuos, xunto cun catálogo de tecnoloxías intelixentes existentes no mercado que poidan resultar relevantes na mellora dos procesos industriais.

### **Formación e divulgación**

A medio prazo, Gresint inclúe tamén accións de formación e de comunicación para dar a coñecer os pormenores do proxecto a distintos sectores da poboación da Eurorrexión (cidadáns, administracións e técnicos), concienciando sobre a importancia da correcta clasificación dos residuos en orixe para propiciar a súa recuperación e a gran axuda que poden supoñer as tecnoloxías intelixentes para acadar maiores cotas de reciclaxe.

Neste sentido, destaca a creación dunha aula virtual de sensibilización tecnolóxica no ciclo da xestión dos residuos e tamén se prevé a posta en marcha de recursos tales como unha guía técnica do proceso de dixitalización na xestión de residuos ou de pímulas audiovisuais de carácter informativo.

Por último, cómpre indicar que dos case 800.000 euros de orzamento que ten o proxecto –financiados nun 75 % con fondos europeos e nun 25 % con achegas propias dos 3 socios–, Galicia encargárase de executar un total de 556.720 euros na súa condición de líder da iniciativa.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONSTATA QUE A DIRECCIÓN XERAL DA COSTA BLOQUEA O SANEAMENTO DAS RÍAS GALEGAS CON RETRASOS DE ATA 7 ANOS E POÑENDO EN RISCO O FINANCIAMENTO EUROPEO**

- O Consello da Xunta analizou hoxe o impacto sobre as actuacións planificadas para protexer a calidade das augas das rías da nova interpretación da Lei de costas que aplica o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico
- As actuacións de Augas de Galicia para apoiar os concellos costeiros no saneamento e depuración retránsanse debido a esa interpretación da normativa discrecional e restritiva, que ignora a singularidade socioterritorial da Comunidade
- As solicitudes de concesión do uso do dominio público marítimo-terrestre para actuacións imprescindibles de saneamento atópanse con resolucións negativas inxustificadas, criterios dispares entre os servizos provinciais e centrais de Costas, exigencias técnicas desproporcionadas e requisitos inviables
- As dificultades da Dirección Xeral da Costa suporán a perda de 35 M€ de fondos europeos consignados no período operativo 2014-2020 para o saneamento das rías, o 40 % do total
- A ría de Arousa, a máis produtiva de Galicia, é, xunto á de Pontevedra, a máis afectada polos impedimentos do Goberno ás actuacións de protección das augas
- O recurso do Goberno contra a Lei do litoral de Galicia impide reverter a situación creada por esa interpretación da normativa que realiza a Dirección Xeral da Costa

A Xunta constata que a Dirección Xeral da Costa e o Mar está a bloquear o saneamento das rías galegas causando retrasos nas actuacións que chegan ata os 7 anos e poñendo en risco o financiamento europeo.

Así se recolle no informe sobre o impacto negativo das tramitacións ante a Dirección Xeral da Costa e o Mar, do Goberno de España, que dificultan os obxectivos de saneamento das rías galegas presentado hoxe no Consello da Xunta.

O Goberno galego analizou o impacto que está a ter sobre as actuacións planificadas para protexer a calidade das augas das rías a nova interpretación da Lei de costas que está a aplicar a Vicepresidencia Terceira e Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico do Goberno de España.

O saneamento das rías galegas é un proxecto estratéxico e prioritario para a Xunta, dado o seu valor ambiental e socioeconómico. Desde o ano 2009, o Executivo autonómico destinou 1.100 M€ a obras para duplicar a capacidade de depuración, incrementar a calidade das augas e mellorar zonas de produción de moluscos.

Para acadar o saneamento integral das rías, a Xunta ten deseñada a estratexia para investir 228 M€ máis nas actuacións necesarias. Non obstante, a disparidade de criterios da Dirección Xeral da Costa e o Mar, organismo estatal, está a motivar dificultades técnico-administrativas para avanzar nas intervencións previstas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta vén prestando apoio técnico e financeiro aos concellos costeiros nas súas competencias de saneamento e depuración. Sen embargo, moitas das obras necesarias retránsanse ou vense impedidas pola interpretación da normativa discrecional e restritiva que ignora a singularidade socioterritorial de Galicia.

A Dirección Xeral da Costa realiza requirimentos continuos e peticións de documentación excesiva e impón unhas condicións que moitas veces son contraditorias cos informes dos servizos provinciais de Costas en Galicia.

Esta liña de acción por parte do organismo estatal está a ter consecuencias graves para a xestión destas obras estratéxicas na Comunidade. Así, o informe hoxe abordado pon de manifesto que se rexistran demoras no saneamento das rías galegas que chegan, en ocasións, a supoñer 84 meses de tramitación para acadar un informe favorable.

Son numerosos os exemplos de actuacións hidráulicas que veñen acumulando demoras na tramitación das concesións, como o caso do novo emisario dos Praceres, en Pontevedra, que sumou retrasos de 37 meses; a mellora do saneamento en Foz, 36 meses; ou as intervencións proxectadas en Cabanas, onde se precisaron 22 meses para coñecer as condicións que fan inviables as obras.

Estas dificultades da Dirección Xeral da Costa e o Mar nos trámites da Xunta tamén suporán a perda de 35 M€ de fondos europeos consignados no período operativo 2014-2020 para o saneamento das rías. Trátase do 40 % dos fondos asignados a Augas de Galicia neste intervalo de tempo.

### **Ameaza ao saneamento das rías**

O documento pon o acento na ameaza que supón este proceder para acadar o obxectivo de sanear a totalidade das rías galegas.

De xeito máis concreto, a ría de Arousa, que é a máis produtiva de todas, está a verse prexudicada pola imposibilidade de completar o saneamento de Vilanova de Arousa e polos retrasos do informe que permita dispoñer os terreos para ampliar a depuradora de Vilagarcía.

Esta ameaza tamén se estende á ría de Pontevedra, onde tamén existe o risco de non poder completar o saneamento.

A falta dunha interlocución áxil coa Administración central está a obstaculizar o saneamento das rías, tomando decisións sobre o territorio e o litoral desde o coñecemento da singularidade do territorio galego.

A Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, recolle as disposicións normativas necesarias para interpretar a lexislación de costas en concordancia coas singularidades das rías galegas. Non obstante, a suspensión polo Tribunal Constitucional da vixencia e aplicación destes artigos impide levar as tramitacións en materia de costas aos termos razoables que exige a realidade galega.